

Miguel Gayoso Barreiro



MANUEL LUGRÍS E  
AS MARIÑAS DE SADA

Colexio de educación infantil e primaria Sada e contornos



Miguel Gayoso Barreiro

MANUEL LUGRÍS E  
AS MARIÑAS DE SADA

Colexio de educación infantil e primaria Sada e contornos

**Edita:**

Colexio de educación infantil e primaria Sada e contornos  
ceip.sada@edu.xunta.es

**Fotografías:**

¿RECIBO SADA Y CONTORNOS?  
Arquivo municipal do concello de Betanzos  
Manuel Lugrís Rodríguez  
Real Academia Galega

**Impresión:**

AGM Artegráfica, Culleredo (A Coruña)

ISBN-10: 84-689-7852-3

D. Legal: C-940-06

**1ª Edición:**

abril 2006

**Publica:**

Concello de Sada



*Mais no ceo da Mariña  
Esa estrela brila xa...  
“Sada y sus Contornos” gloria  
Nas almas espallará.*

*Foi o amor pola ensinanza  
Quen hasta os ceos subeu:  
¡O amor é a forza xigante  
Que a humanidá descubreu!*

*M. Eugenio Pardo*



## PRÓLOGO

Entre os libros xa aparecidos ou que aparecerán neste ano dedicado pola Real Academia Galega a homenaxear a D. Manuel Lugrís Freire, este, escrito por D. Miguel Gayoso Barreiro, director do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Sada e Contornos, é un libro distinto.

Non é o seu obxectivo facer a biografía intelectual de Lugrís Freire, senón concentrar a súa atención na estreita relación entre Lugrís Freire e Sada, unha relación afectiva e sentimental pero tamén intelectual e literaria. Ese e non outro é o obxecto deste traballo e paréceme que o cumpre plenamente.

Abre o libro unha breve cronoloxía de Lugrís Freire para facilitarlle ao lector o contexto vital do noso autor. Recolle logo as referencias aparecidas na súa obra sobre a terra mariñá: a ría sosegada de Sada, o calmoso río Mandeo, as rúas da pequena vila, e os arredores verdes e farturentos. A continuación estuda a súa militancia en Solidariedade Galega, lembrando os discursos pronunciados sobre a redención labrega. A publicación da primeira gramática do galego escrita no noso idioma merece do autor a admiración polo esforzo realizado cando nin os filólogos nin os expertos nestes temas se atrevían a facelo. Lugrís, recoñéceo, faino por espírito

patriótico aínda sendo consciente das súas limitacións filolóxicas.

Gayoso Barreiro acláranos en que consistiu a sociedade “Sada y sus contornos” e a súa nobre dedicación á creación da escola que aínda acolle hoxe o colexio de infantil e primaria.

Recóllense, así mesmo, as celebracións e honores que a vila de Sada concedeu a D. Manuel Lugrís Freire.

Finalmente aparece a reimpresión dos poemas do folleto *As Mariñas de Sada*, levemente retocados para a súa edición.

A obra de Gayoso Barreiro cumpre plenamente o seu obxectivo. A Real Academia Galega séntese compracida en que unha obra pensada e feita en Sada, leve o selo da Academia. Agardamos que a súa lectura sexa capaz de suscitar nos lectores o agradecemento á obra de Lugrís e o amor á Terra.

Xosé Ramón Barreiro Fernández

## PEQUENA CRONOLOXÍA

**1863** Manuel Lugo Freire nace na vila de Sada (A Coruña) o 12 de febreiro. Sendo mozo empezou a traballar no concello de Oleiros de escribán.

**1883** Emigra a Cuba onde empezou traballando de contable. Establece contacto con movementos galeguistas e persoeiros destacados da nosa cultura. Funda na illa o xornal *A Gaita Gallega*, o primeiro xornal editado en América redactado integramente en galego, que se publicou de 1885 a 1889.



**1884** Escribe unha pequena obra de teatro *A costureira d'aldea*. Esta obra non chegou a imprimirse e foi editada en formato dixital pola Real Academia Galega, [www.realacademiagallega.org](http://www.realacademiagallega.org), a partir do manuscrito cedido en 1962 por Urbano Lugo Freire, fillo do autor.

**1894** Publica un poemario, *Soidades*, prologado por Curros Enríquez.

**1896** Despois de trece anos en Cuba, regresa a Galicia.

**1897** Formou parte desde a súa fundación do grupo rexionalista Liga Gallega. Con eles participou en varias

homenaxes aos Mártires de Carral e mesmo falou na inauguración do monumento.

**1901** Publica o libro de versos *Noitebras*.

**1903** Funda a Escola Rexional de Declamación, xunto con Galo Salinas, chegando a representar catro obras de teatro. Neste mesmo ano publica o drama *A Ponte*, estreado o 18 de xullo no Teatro Principal da Coruña.

**1903** Entra a traballar en Aguas de La Coruña.

**1904** Foi membro fundador da Asociación da Prensa da Coruña. Publica e estrea os dramas *Minia* e *Mareiras*.

**1906** Nace a Real Academia Galega da que foi cofundador. Publica o drama *Esclavitú*.

**1907** Funda, xunto con Rodrigo Sanz, o sindicato agrario Solidaridad Gallega. Nun acto deste sindicato que tivo lugar en Betanzos o 6 de outubro, utilizou o galego por primeira vez nun mitin ante máis de seis mil persoas.



O que fora presidente da Primeira República, Nicolás Salmerón, dirixese aos máis de 6.000 asistentes ao mitin de Solidaridad Gallega en Betanzos o 6 de outubro de 1907.

**1908** Publica en *A Nosa Terra*, *La ofrenda ó los folletos verdes de Don Pepiño*, Sainete rápido.

**1909** Publica *Contos de Asieumedre*, breves relatos de avogados, cregos, maldicións,... Solidaridad Gallega regalou 20.000 exemplares aos labregos da bisbarra da Coruña o que motivou que moitos deses contos cheguen aos nosos días como contos populares.

**1916** Participa na constitución da Irmandade da Fala da Coruña.



*Irmandades da Fala. Homenaxe a Castelao en Lugo no ano 1932. Lugris atópase no centro da foto portando o estandarte.*

**1917** Publica a comedia *O Pazo*.

**1919** Publica *Versos de loita* e a comedia *Estadeíña*.

**1922** Publica a *Gramática do Idioma Galego*, que foi a primeira escrita na nosa lingua. Reeditaríase no ano 1931.

**1923** Ingressa como socio correspondente no Seminario de Estudos Galegos, e pronuncia o seu discurso de ingreso sobre a figura do poeta Eduardo Pondal.

**1927** Publica o libro de poemas *Ardencias*.

**1928** Publica o penario *As Mariñas de Sada*, dedicado á Sociedade Sada y sus contornos.

**1932** Forma parte da comisión que redacta o anteproxecto do Estatuto de Autonomía, en representación do Partido Galeguista.

**1934** É nomeado presidente da Real Academia Galega, cargo ao que renuncia en 1935 por motivos de saúde.

**1940** Morre na Coruña o 15 de febreiro. Os seus restos descansan no cemiterio de San Amaro da cidade herculina.

Ademais da súa creación literaria, colaborou en diversos xornais da época con numerosos artigos publicados en *Revista Gallega*, *A Nosa Terra*, *El Eco de Galicia*, *Correo Gallego*,... ou no xa nomeado *A Gaita Gallega*.

Manuel Lugo Freire é un exemplo de vontade e compromiso con Galicia. O 2 de xullo de 2005 o plenario da Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2006 a Manuel Lugo: “A biografía e obra de Manuel Lugo amosan unha vida de total entrega á dignificación e á normalización da lingua galega, sempre unida á defensa de Galicia, para o que participou na creación de moi diversas entidades políticas e culturais”. Esta dedicatoria ten máis valor, se cabe, ao coincidir no ano 2006 a celebración do centenario da fundación da Real Academia Galega, da que o propio Lugo foi cofundador.



*Acto de inauguración do monumento a Curros Enríquez en agosto de 1934. Lugo, como presidente da Real Academia Galega, xunto a Alcalá Zamora, presidente da República.*

## LUGRÍS E AS MARIÑAS

A estreita vinculación de Manuel Lugrís coas Mariñas observámola na súa biografía e obra. As Mariñas foron o escenario da súa vida, sacada a súa estancia na illa de Cuba, e as Mariñas son o escenario de moitas das súas obras de teatro, dos seus contos, dos seus versos,...

A vila e os veciños de Sada rendéronlle homenaxes e recoñecérono como fillo predilecto, Betanzos foi o lugar elixido para pronunciar o seu primeiro mitin en galego, as Mariñas son o escenario dos contos de Asieumedre,...

Tal e como nos contaba o seu neto Manuel Lugrís Rodríguez, de seu avó, nos seus últimos días na Coruña, cando a súa saúde lle fraqueaba, “mostraba o seu desexo de volver, non por última, senón por derradeira vez a Sada”.

As mencións aos lugares, costumes, vestimenta e fala das Mariñas son continuas na súa obra:

Eran as doce dunha noite de febreiro do ano 1790.

A ría de Sada, que como tódalas de Galicia é xeneralmente sosegada, bruaba nestas horas facendo terrible acompañamento ós troncos que

estalaban nos outeiros veciños como o berrido dun xenio de destrución.

As rúas da pequena vila de Sada achábanse completamente desertas, ...

“O Penedo do crime”. *El Eco de Galicia* (1884)

«Deixa ferver ben os grelos  
que ti non has de xantar»,  
como decía nun tempo  
a vella do Carregal.

*A costureira d’ a aldea* (1885)

Nunha taberna de Osedo,  
preto da vila de Sada,  
parolaban tres homiños  
en amistosa compañía  
o día que se celebra  
a feira da Rucabada.

“Ir por lan...” *O Tío Marcos da Portela* (1886)



*Festas en Sada, procesión. Foto realizada por Manuel Lugrís desde o balcón da súa casa natal.*

Época actual. Traxes como os que se estilan  
nos portos das Mariñas.

*Mareiras* (1904)

Época actual. Lugar da acción, as Mariñas de Sada.

*O Pazo* (1917)

Aló nun couto de Ruibeira, preto do encantado río Mandeo, e no  
tempo en que comezaban a funcionar os nosos concellos, estaban un  
fato de ladróns...

“O primeiro cacique” . *A Nosa Terra* (1922)

Época presente. Traxes como os que se estilan nas Mariñas de  
Betanzos.

*A Ponte* (1923)

¡Qué terra linda esta de Sada  
onde natura entusiasmada  
verteu a fermosura con farturenta man!

*As Mariñas de Sada* (1928)



*Festas en Sada, danza gremial. Igual que a foto da páxina anterior realizada por Manuel LUGRÍS desde o balcón da súa casa natal.*



## A TERRA: O HIMNO DE GALICIA

Lémbraos Xesús Manuel Fernández Costas no seu libro *Manuel Lugo Freire: A fe na causa*:

Nos anos mozos a intensidade coa que vive o contacto coa terra, coa lingua na que lle falaba súa nai, na que falaban os seus veciños, así como algunhas lecturas de Rosalía, fan que naza nel un profundo amor, case panteísta, á natureza, á terra e a lingua dos seus devanceiros,...

O compromiso de Lugo con Galicia maniféstase nunha activa militancia política.

No ano 1897 foi un dos fundadores de Liga Gallega, que tiña como obxecto a defensa dos intereses morais, materiais, políticos, económicos e sociais de Galicia.

En 1907 funda, xunto con Rodrigo Sanz, o sindicato agrario Solidaridad Gallega de ideoloxía rexionalista, anticaciquil e anticontralista. Lugo foi o primeiro en utilizar o galego nun mitin. Aconteceu nun acto deste sindicato en Betanzos o 6 de outubro dese ano ante máis de 6.000 persoas. Polas fotos que se conservan no Arquivo Municipal de Betanzos deducimos que o mitin debeu desenvolverse en dous momentos, nun primeiro os oradores dirixíronse aos asistentes desde o vello palco da música, ubicado moi preto do actual, no campo. Posteriormente trasladáronse ás proximidades da igrexa de San Francisco onde novamente se dirixiron aos alí congregados. Foi o mesmo Lugo quen escribiu no número 11 de *A Nosa Terra*, o 19 de outubro de 1907, o contido da súa intervención, da que reproducimos algúns parágrafos:



*Acto de Solidaridad Gallega en Betanzos o 6 de outubro de 1907. Os oradores dirixense aos asistentes desde o vello palco da música do campo.*

*Hoxe deixamos de publica-lo conto do noso compañeiro Asieumedre, e no seu canto reproducimos o discurso que o noso amigo don Manuel Lugrís pronunciou o día 6 deste mes no mitin solidario de Betanzos.*

Mariñáns e montañeses, homes traballadores e honrados; saúde.

O que agora ten o atrevemento de falarvos é tamén un mariñán que tivo a grande sorte de nacer nesta bendita e ridente terra nosa; e, como tal mariñán, quérovos falar na lingua gallega, primeiramente, porque deste xeito entenderédesme mellor, e despois porque un boletín da Cruña, que pra escarnio e vergonza do bon sentido leva o nome santo da nosa terra, dixo que se hoxe se vos parolaba en gallego, na fala que adprendimos das nosas nais, na fala querendosa en que vosoutros namorástedes ás compañeiras da vosa vida e dos



vos infortunios, nais cariñosas dos vosos fillos, enterraríase no ridículo a propaganda da redención, de verdadeira liberta, que alborexa para esta terra. (Aprausos).

.../...

Din por aí que a emigración

é cousa boa. Poida que por decontado o sea. Pero eu, Mariñáns, que tamén fun emigrante, podo dicirvos que é boa, como é bon que un sentenciado á morte negra, fuxa se pode, do carce; como un home fuxa da terra inzada de lobos, como o paxaro fuxa do covo das víboras. Que lle pregunten ao galego porque larga da súa terra, que lle pregunten cantas bágoas verteron os seus ollos ao dar o derradeiro adiós á terra quirida, ao cimiterio que garda as cinzas dos seus pais, á aldea quirida onde xogou de pequeno... ¡que lle pregunten! E se eles responden veredes que negra noite de angustias, que doridos laios levan na ialma ao deixaren esta terra, que debía ser nosa, e que non podemos vivir nela porque no hai xustiza nin liberta se non para esa maldita casta que chamades caciques.


.../...

Hoxe rexurden aqueles malos homes, que é ben certo que a mala herba non morre senón arrincándoa de raís e aplicándolle fogo; hoxe volven a facervos escravos, a roubarvos o dereito de homes libres, e tedes que tornar a xustarvos fortemente contra dos bexatos do caciquismo. (*Aprausos*)

.../...

Seguide , pois, asociándovos; xuntádevos contra dos vossos enemigos, e seredes fortes, e seredes libres, e faredes libre e honrada, rica e poderosa, a terra quirida onde todos nacimos.

¡Viva Galicia! ¡Viva a Solidaridá! (*Grandes e prolongados aprausos*).



O acto de Solidaridad Gallega en Betanzos continuou nas proximidades da igrexa de San Francisco.

O 17 de setembro de 1922 publica un artigo no xornal *Correo de Galicia* de Buenos Aires dedicado ao himno galego que é un canto de loanza á Terra:

Non por imposición de ningunha entidade sinon por acatamento xeneral foi reconecido como himno da Terra o canto “Os Pinos”, do glorioso bardo Pondal, con música do gran mestre, propulsor noutrora dos orfeós galegos, o incomparable autor d’esa xoya que chamamos “Alborada de Veiga”, que é unha das pastorales máis sentidas da música moderna. A nobre, orixinal e patriótica cantiga, presentouse con selo d’ouro que n-ela imprimen o xenio dos seus autores.

O noso himno non é un canto guerreiro. N-el non se fala de correr as armas, nin verter o sangue dos tirans, nin de sacrificial-a vida dos patriotas en loita rexa e libertadora. Non ten, certamente, a factura dos himnos que adoitan empregar os demais pobos. Pol-a contra, está afeitado do lirismo esgrevio da nosa alma colectiva, á feitura bárdica da poesía céltiga, á lembranza alcumiñadora e solermiña da sagra Terra. N-unha verba, é unha cantiga de subrime e fondo panteísmo, unha oración a terra amada. Todo-los bos galegos,

calesquera que foran as suas opinións políticas ou relixiones, poden cantalo, pois e unha nobre e fonda ovación á nai de todos nós.

O misterioso linguaxe dos pinos rumorosos, nas noites en que a meiga lua desfia a sua lus a través do escuro arume arpado, que cingue os confis da patria, é ben entendido pol-os “bos e xenerosos” que

FORN. 10  
CORREO D  
Si periódico galego de Buenos Aires  
Am. 109  
BUENOS AIRES, Septiembre 17 de 1922

**Himno de Galicia**  
música da nosetra canción patriótica

**LA LETRA**

**D Himno de Galicia**

cobizan que o fogar de Breogan esperte do seu sono. E n-aquel queixume dos rumorosos, nas estrelas que brillan encol dos milenarios “lubres”, na visión da Terra nai, coidan escoital-a vos dos bardos pregoando que as suas vaguedades, as nobres arelas de rexurdimento, van ser cumpridas e satisfeitas.

En toda-las festas enxebres e culturás de Galicia cántase o nobre himno, que é escoitado respetuosamente por todo-los galegos, descubertos e postos en pé. Os emigrados, que decote levan no corazón a feridora saudade pol-o aleixamento dos eidos nativos, cantaran tamén, porque os versos do grorioso bardo, mais que un himno, é unha oración a nai que nos levou nas suas entranas, a Terra nobre, sagrada, sempre quirida do noso corazón, que Dios nos deixou en herdo para ser a Nai agarimosa de todol-os fillos do fogar de Breogan.

En 1931 participa no nacemento do Partido Galeguista e en 1932 forma parte da comisión que redacta o anteproxecto do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia xunto con Alexandre Bóveda, entre outros. Tamén participou na redacción definitiva do estatuto en 1936 e apoiou a campaña do Partido Galeguista a favor da ratificación do mesmo intervindo en diversos actos públicos.



## A FALA: GRAMÁTICA DO IDIOMA GALEGO

A defensa de Galicia, a loita contra o caciquismo e a revitalización da fala, “Pobo que recobra a súa fala, recobra tamén o seu espírito”, foron constantes na vida e na obra de Manuel Lugrís. O libro *As Mariñas de Sada* (1928) contén un poema, “A Terra e a Fala”, que é un canto á nosa lingua:

...

Unha fala armoñosa cal ningunha,  
Doce e bandiña se d’amores fala;  
Graciosa, churrusqueira e maliciosa  
Cando da raza o humorismo enxerga;  
Alta e sonora, esgrevia com’o grego  
Cando os feitos altísimos recorda

...

En 1885 funda en Cuba o xornal *A Gaita Gallega*, redactado integramente en lingua galega, que se publicou ata 1889.

Foi un dos corenta fundadores da Real Academia Galega no ano 1906.

En 1916 participa na constitución das Irmandades da Fala da Coruña. Un poema seu, “Cantiga dos amigos da fala”, que aparece na súa obra *Versos de loita* convértese no himno das Irmandades:



Na fala galega vive  
 a ialma da nosa terra:  
 a redención de Galicia  
 nos seus acentos latexa.  
 Pobo que o seu verbo esquece  
 é traidor á natureza;  
 como irmáns todos falemos  
 a noble fala gallega.



Os rexionalistas primeiro e  
 despois a creación das  
 Irmandades da fala deron pulo á  
 nosa lingua. Pero aqueles que  
 querían escribir en galego non  
 sabían ben como facelo. Aínda  
 que Lugo non era un lingüista decidiuse por escribir unha  
 gramática en galego baseándose na publicada en 1868 polo  
 crego ourensán Saco e Arce.

Houbo dúas edicións deste traballo, unha en 1922 e outra en  
 1931. No xornal *Correo de Galicia* do 10 de decembro de  
 1922 atopamos un anuncio da primeira edición da súa  
 gramática

**Gramática do Idioma  
 Galego**

Por M. Lago e Freire, accedidos do número  
 da "Revista Académica Galega" na Graña

Esta nova obra contém um estudo sintático e fonológico do nosso idioma. Na  
 sua edição e ortografia resolve todas as dúvidas em todo o emprego das vozes. A  
 sintaxe é completa e clara, fazendo regras seguras para o uso exato das pala-  
 bras na oração.

Tem aditamentos muito interessantes, como são: nomes de pessoas, denomina-  
 ções dos ventos, táboas de participios e pastes, demonstrativos, pronomes e to-  
 camblatório galego castelán.

Esta obra foi reimpugnada pela crítica intelizante como uma obra de máxima  
 personalidade de Portugal.

Deba figurar na biblioteca de todos os galegos, pois na fala vive a alma do  
 nosso povo.

"Para que todos a sua vez, possam ler-na e sua de parte."

Na venda do CENTRO DE GALICIA. — Avda. de Mayo 599  
 Preço: \$ 2.00 — unidade nacional. — Teléfono 1535, Avda. (U. 7.)  
 Atendidos pedidos por carta ou teléfono. 409 recibidos por carta agrá-  
 quemos 0.30 es, pra franquía cartificada.

En 1923 ingresa como socio no Seminario de Estudos Galegos. O seu discurso de ingreso estará dedicado á figura de Pondal.

O 28 de abril de 1934 é nomeado presidente da Real Academia Galega, deixando o cargo en agosto 1935 por motivos de saúde.





## SOCIEDADE “SADA Y SUS CONTORNOS”



### Sada y sus Contornos

Sociedad de Instrucción y Apoyo

167 Perry Street, New York City.



A “Sociedad de instrucción y apoyo Sada y sus contornos” nace en Nova York no ano 1914. Poucos anos despois constitúen unha delegación na vila de Sada da que Manuel Lugrís foi presidente honorario.

A finalidade principal da delegación foron as xestións para a construción dunha escola, pero tamén organizaban actividades culturais e benéficas, mantiñan contactos con sociedades e delegacións con finalidades similares,...

En outubro de 1922 Lugrís pronunciou un discurso en Cecebre para inaugurar unha escola. O 14 de abril de 1935 unha representación da delegación de “Sada y sus contornos” asiste á inauguración dunha escola en Coirós. Estaba integrada polos directivos Guillermo Fernández Peña, Cándido Calzada, Antonio González Blanco, Antonio Vía e Ramón García Pena.



En 1920 danse os primeiros pasos para a construción dun centro educativo en Sada. Os problemas xurdidos na adxudicación das obras e na realización das mesmas atrasan a posta en funcionamento das escolas.

Por fin, o 8 de xullo de 1928 teñen lugar os primeiros exames, motivo polo que se organizan diversos actos. A publicación do poemario *As Mariñas de Sada* foi dedicada por Manuel Lugrís á Sociedade “Sada y sus contornos”

Durante a guerra civil o edificio foi incautado e serviu de acuartelamento, pero a partir de 1946 volven os alumnos ás súas instalacións.



*Escuelas de “Sada y sus contornos”, construídas pola sociedade de emigrantes.*

En 1990 finou o último socio desta sociedade. As escolas seguen en funcionamento e albergan un colexio de educación infantil e primaria con máis de 150 alumnos.



*Manuel Lugo Rodríguez, neto de Manuel Lugo Freire, e a súa dona nunha visita ao Colexio de Sada e contornos, do que seu avó fora presidente honorario e co que mantivera unha estreita vinculación.*



## FILLO PREDILECTO DA VILA DE SADA

No ano 1923 Manuel Luguís ingresa como membro do Seminario de Estudos Galegos. O 20 de novembro pronuncia o seu discurso de ingreso sobre a figura do poeta Eduardo Pondal no salón de actos da Sociedade Económica de Santiago.

Con motivo deste acontecemento, o alcalde de Sada, Manuel Dopico Otero, propón, o 5 de maio de 1924, o nomeamento de Luguís como fillo predilecto da vila de Sada, e que o seu retrato figure no salón de actos da Corporación.



*Homenaxe a Manuel Luguís Freire, o 12 de febreiro de 2006, conmemorando a data do seu nacemento. Asistiron a corporación municipal, representantes da Real Academia Galega, familiares do escritor e veciños da vila de Sada.*




## “AS MARIÑAS DE SADA”

Este pequeno libro de poemas foi dedicado por Manuel Lugrís Freire á “Sociedad Sada y sus contornos” con motivo de celebrarse o remate do curso escolar o 8 de xullo de 1928.

D. Manuel, presidente honorario da “Sociedad Sada y sus contornos”, recibiu unha cálida homenaxe ese día. Foi recibido polo profesorado e os alumnos do centro escolar cunha dedicatoria en galego ao ilustre poeta en forma de rótulo sobre a porta de entrada. Acompañábano diversas personalidades que procederon a visitar a exposición de traballos escolares e asistiron aos exames dos alumnos.

O catedrático da Escola de Comercio da Coruña, Abad Conde, pronunciou unhas palabras nas que felicitaba aos profesores das escolas, a Manuel Guitián e á súa dona Josefa Agulló, e aos alumnos.

Rematado este acto, houbo un xantar no xardín de La Terraza ao que concorreron máis de cen veciños de Sada xunto cos



*O xornal “La Voz de Galicia” daba conta dos primeiros exames celebrados nas escolas de “Sada y sus contornos” e da homenaxe que se tributou a Manuel Lugrís.*

integrantes da Xunta das escolas. Ao remate do xantar interviñeron Antón Vilar Ponte e o alcalde de Sada, Enrique López Hernández, que significaron os méritos de LUGRÍS FREIRE e o labor das escolas de “Sada y sus contornos”.

Rematou o acto o propio LUGRÍS dando lectura aos poemas que compoñen o libro *As Mariñas de Sada*. Así recollía o xornal *La Voz de Galicia* o remate do acto:

Y dio fin al acto el homenajeadoo leyendo un discurso en verso gallego – un bellissimo poema de exaltación del territorio mariñán, en que canta el poeta a Sada, su mar, sus valles y sus frondas y a las gentes ardidass y valerosas que uno y otro día arriesgan su vida sobre las olas – Fue aplaudidísimaa la lectura admirable del señor LUGRÍS FREIRE, a quien enviamos nuestra cordial enhorabuena por el sincero y merecido homenaje que acaba de tributársele en su país nativo.



*Caricatura de Manuel LUGRÍS FREIRE realizada por Álvaro Cebreiro e fotografía publicada polo xornal “La Voz de Galicia” o 13 de xullo de 1930, na que posiblemente se inspirara o debuxante.*

## HOMENAXE EN SADA



O 13 de xullo de 1930 Manuel Lugo recibiu unha homenaxe na súa vila natal. A iniciativa foi da sociedade “Sada y sus contornos” á que se sumou o concello de Sada. A proposta do alcalde Ángel López Vidal, a corporación municipal do concello de Sada acorda por unanimidade dedicarlle a rúa que ata aquel momento se coñecía como Dolores.

Sobre esta merecida homenaxe escribía Manuel Freire Calvelo o 11 de xullo de 1930 no xornal *La Voz de Galicia*

Lugo Freire, pese a su modestia, es un poeta genuinamente gallego; pero un poeta de verdad que siente y escribe en gallego, que domina el léxico, este léxico gallego tan copioso, tan eufónico, tan rico en

armonía. Lugrís Freire es de los pocos, de los constados poetas que hacen honor a la gloriosa estirpe de la dramaturgia y poesía galaica; amante y propagandista incansable de las libertades de Galicia, defendiéndolas como nadie desde las tribunas del agro, de la ciudad, de los periódicos y revistas.

Lugrís Freire al difundir, cuanto tienda a engrandecer nuestra patria gallega, la raza, el idioma de nuestros mayores perpetuado en las “cantigas” de Alfonso X el Sabio; en los cancioneros de la Vaticana, de Colocci Branentz; de Hernando del Castillo, en las maravillosas poesías de “Aires d’a miña terra”, y “Follas Novas”, de



Placa coa que a Sociedade “Sada y sus contornos” homenaxeou a Manuel Lugrís o 13 de xullo de 1930.

“Queixume dos pinos”, de “Vento mareiro”, de “Sede d’amare” o de “Ardencias” del mismo Lugrís Freire que con “Soidades”, “Noitebras” y “Versos de loita” cierran la serie de sus admirables libros, no ha buscado nunca beneficio alguno para sí de orden material ni aceptado cargos, agasajos o recompensas; solo ésta de ahora que le quiere rendir su pueblo natal; porque sabe que le sale del corazón espontáneamente, del “corazón del pueblo” que él tanto ha buscado que le amase y le comprendiese; y, sino que lo digan sus obras teatrales en el idioma vernáculo: “A Ponte”, “Mareiras”, “Esclavitú”, “O Pazo”, “Estedeiña”, “Minia”.

Siempre se ha estimado pagado con que sus ideales vayan abriéndose paso de día en día, sin haberle arretrado nunca las amarguras, contrariedades y obstáculos de la lucha; sin esperar verse comprendido, ni merecer el reconocimiento ajeno, ni sorprenderle la ingratitud; ni tampoco deprimirle la censura ni envanecerle el aplauso; bordando de poesía los más duros escollos de su vida y mullido de ilusiones las más torturantes realidades; tal fue y es el venerable rebuscador del folklore regional y patriarca marinan.



Ás doce da mañá procedeuase a descubrir unha placa na casa natal do escritor situada na praza de España. A placa conmemorativa que inclúe un medallón en bronce co retrato de LUGRIS fora deseñada por Fernando Cortés, profesor da escola de artes e oficios da Coruña. Tamén se procedeu ao cambio do nome a rúa Dolores que pasou a levar o nome do fillo ilustre da vila.



A homenaxe incluíu un xantar popular no restaurante La Terraza e unha visita ás escolas da sociedade “Sada y sus contornos”.

Despois do derrubamento da casa natal para levantar unha nova edificación no lugar, a placa permaneceu nas dependencias municipais do concello de Sada.

No ano 1976 a familia de Manuel LUGRIS interésase pola mesma

solicitando que se volva a colocar ou se lle faga entrega da mesma. Neste mesmo ano a Real Academia Galega diríxese ao concello solicitando que se repoña a placa dedicada a Manuel Lugrís, solicitude que se reitera o 28 de novembro de 1977.

O concello de Sada convoca un acto para o 17 de decembro de 1977: “ofrenda floral que con motivo de la colocación de la placa al insigne escritor y poeta, don MANUEL LUGRÍS FREIRE, tendrá lugar en la plaza de la Iglesia Nueva de esta ciudad.” O acto suspendeuse a última hora por problemas xurdidos con motivo do emprazamento elixido.


Será tras un acordo plenario do 27 de xuño de 1981 cando a placa se coloque nun lateral da capela de San Roque, sobre unha fonte pública alí existente, a poucos metros de onde estaba a casa natal de Manuel Lugrís.



*Despois de derrubarse a casa natal de Manuel Lugrís, a placa permaneceu nas dependencias do concello de Sada, repoñéndose no ano 1981 nun lateral da capela de San Roque.*

MANUEL LUGRÍS FREIRE

**AS MARIÑAS**  
**DE SADA**



HOMENAXE À SOCIEDADE  
SADA Y SUS CONTORNOS

Imp. ZINCKE HERMANOS  
A CRUÑA



# AS MARINHAS DE SADA


POR

MANUEL LUGRÍS FREIRE

---

Homenaxe á Sociedade

SADA Y SUS CONTORNOS



Imp. ZINCKE HERMANOS

A CRUÑA



## NOVA ESTRELA

Aló nas terras de lonxe  
A moxedá mariñana  
Quixo poñer unha estrela  
No ceo da Terra amada.

Para subir a tal altura  
Escada non se inventou,  
¡Que a donde están os luceiros  
Solo en soños se chegou!

Mais no ceo da Mariña  
Esa estrela brila xa...  
“Sada y sus Contornos” gloria  
Nas almas espallará.

Foi o amor pola enseñanza  
Quen hasta os ceos subeu:  
¡O amor é a forza xigante  
Que a humanidá descubreu!

I esa estrela xa alumea  
Con tan meigo resprandor  
Que ten lume de progreso  
Aceso en ansias de amor.

¡Escolas libres de Sada!  
Fillas dos homes do mar,  
Faro que enseñas o rumbo  
De progreso e libertá;

Escolas libres de Sada,  
Benia á quen vida vos dou.  
Os seus nomes levaremos  
Gardados no corazón!

## A FALA E A TERRA

---

**Leído no xantar con que SADA Y  
SUS CONTORNOS festexou os pri-  
meiros exámenes das escolas o 8 de  
xulio de 1928.**

Nunca soñei que para min chegara  
Este día de luz e ledicia.  
O corazón tremante, a ialma chea  
De fonda gratitude, de tal xeito  
Que inda na fala doce e querendosa  
Da miña Celtia amada, non encontro  
Forma doada en que poder decilo.  
¡Oh! Fada benfeitora, que fixeche  
Que nesta patria, cal ningunha linda,  
Rodeado de irmans, eu escoitara  
Agarimosas falas, que sanaron  
Para sempre as feridas, que na loita  
De amor e libertá fun recollendo.



Que a nosa lingua cobizosa cuida;  
Cando naqueles días abafantes  
Do feudalismo vil, Roi das Mariñas  
Dende o frorido Láncara chamaba  
Aos mariñás, para que en loita dura  
A santa libertade conquerran...  
¿E quen son eu? Un humilde fillo  
Desta terra enmeigada; unha alma tola  
A forza de querer, de arelas chea;  
Sentindo, sí, o orgullo de ser nado  
Nesta terra fermosa, e conquerindo  
Para o galego a dinidá suprema  
De quen ten patria, e no concerto humano  
Debe ser un factor do seu progreso.

Fillo eu son do traballo. En terra allea,  
Na amada e farturenta illa de Cuba,  
Comín tamén o pan acedo, amargo  
Da emigración, e no dorido peito  
Aniñaron tristuras e saudades,  
E conocín da dor os acidumes,  
E de loito visteu meu pensamento.

E aquí tornei en busca da meiciña  
Que soilo a Terra Nai dona aos seus fillos;  
E fun soldado das patriotas hostes  
Que a dinidá de terra procuraban.  
Eu non sei, en verdade volo digo,  
Porque á este vello soñador e tolo  
Deste xeito xentil agarimades.

Unha fala armoñosa cal ningunha,  
Doce e brandiña se de amores fala;

Graciosa, churrusqueira e maliciosa  
Cando da raza o humorismo enxerga;  
Alta e sonora, esgrevia como o grego  
Cando os feitos altísimos recorda.  
Fala dos trovadores medioevales  
Ateigados de amor e fidalguía,  
Fala de Alfonso o Sabio e de don Dínis,  
De Camoens o sublimado verbo,  
Fala da Santa Rosalía, madre  
De quen da Celtia nos altares reza;  
Verbo ardente de Curros, que aos tiranos  
En estalantes versos combatira;  
Fala de ouro na iarpa rumorosa  
Do grorioso Pondal. Fala nascida  
Da nosa mesma entraña, onde latexan  
As inmorrentes ansias de Galicia.  
Fala en que miña nai me acariciaba,  
Fala sempre bendita.  
Ese é o verbo divino en que compuxen  
Os meus humildes e saudosos versos;  
E si eles teñen un interno ritmo,  
E unha enxebreza nobre os valorase  
Non é de min o subrimado acento  
¡É somente o rumor da esgrevia fala!

Nin nas dormidas augas do mar Caspio,  
Nas terras onde Ormuzd deu a palabra  
De vida; nin nas costas relumantes  
Do heleno mar, onde o loureiro escuro

Dá fesca soma ao pampillal fecundo,  
E ao lonxe vense as espalladas illas  
Do mar Exeo en brétemas envolto,  
Onde de Homero os cánticos aínda  
Parecen resoar sub o arboredo.

Nin nas veigas poéticas de Italia  
Onde o pastor fai pitos de ameneiro  
Namentras as ovellas van triscando  
A herba mol, na tarde melancónica;  
Nin da Helvetia nos eidos apeosos  
Onde os lagos, cinguidos de pinares,  
Semellan un espello adrede posto  
Pra neles retratar os craros ceos;  
Nin na Armórica irman, nin nas campiñas  
Da terra lusitana, eidos amados  
Para quen teña un ancestral debezo  
Da nobre raza de Breogan famoso;  
En ningures, en fin, atopar pódese  
Terra mais chea de dozura eglóxica,  
obra mais acabada e mais perfeita  
Filla da inspiración do Ser Supremo  
Na alborada inicial e criadora.  
En ningures, a fé, hai mais lindura  
Que nas terras da Celtia, onde á Mariña  
É unha valiosa, escentilante xoia.

Vide connigo ao Couto. Contemprade  
A tendida campiña, os fonchos montes  
Ata o cume cubertos de arboredos.  
Polo vello camiño de Betanzos  
Vese o antigo e romántico mosteiro  
Do prácido Bergondo, ao pé dun castro  
Cuberto de piñeiros e toxeirás,  
Eterno vixilante do Pedrido

Por onde pasa a ría mariñana  
Que sube ata os caneiros de Espenuca.  
Dentro da igrexa do mosteiro óucese  
O queixume das cántigas dos freires  
Que noutrora tiveron agarimo  
Naquel lugar do paradiso espello;  
E nas molladas laxes, inda resoan  
As esporas de nobres e fidalgos  
Que en procura do ben e de repouso  
Diante o altar do Salvador pregaban.  
Alo, no fondo, a enmeigadora aldea  
De Lubre; o souto de Samoedo, escuro;  
A Braña tapizada de milleiras,  
Con graciosas ringleiras de ameneiros  
Onde as xunqueiras dan á verde alfombra  
Ese tono do mar de augas profundas.  
Levade a vista cara á Cruña; entonces  
Veredes un camiño que branquea,  
E acaron del, Seixeda, o Tarabelo  
Osedo encantador; mais aló enriba  
Os soutos de Soñeiro. Pola dreita  
O arboredo ridente de Mondego,  
De Mosteirón o branco caserío;  
E os altos pazos de Meirás, outeando,  
Que pecha o paradiso da Mariña  
Vivindo da beleza degorante  
¡Lugar de Riobao! Curruncho amigo  
onde ao fondo Veloi vive encantado  
E onde, segun a tradicion nos conta,  
Dentro as ruinas dunha chouza había  
Unha furnia segreda, pra onde as meigas  
Despois de estar no Quenlle divirtíndose,

Fuxían a dormir, cando da aurora  
A nidia lus as sombras esvaía.

Mais, vide acó, amigos; alí en baixo  
Está a vila fermosa, a vila amada,  
-Gardada por Fontán, irman querido-  
Cinguida da campiña milagreira,  
Bicada polas augas azulosas  
Dunha ría diviña. Honesta e limpa  
Como unha prata, e de brancura inmácula  
Cal unha virxe no nupcial cortexo...  
¡Esta é a vila natal, este é o meu Sada,  
patria de bendición, a musa céltica  
que deu forza e calor, azos e esperanza  
A miña ialma nas mais nobles loitas  
Ese é o centro vital dos meus querereres,  
Onde o niño materno agarimoume,  
Tabernáculo santo dos afectos  
Que levarei en min, mentras a vida  
Deixe bater o corazón magoado.

Decíme agora, meus irmans e amigos,  
Se nos meus versos, cando á Terra canto,  
Unha fáiisca de beleza vedes  
Será que neles se refrexa a vida,  
A lindura inmortal da terra nosa.  
¡Non son eu o poeta! A poesía  
Está nas veigas da sadense terra,  
Nas espellantes augas do seu mare,  
Nas noites de luar, nas alboradas  
Cando se visten de douradas brétemas  
O alto de Breamo i o frorido Outeiro,  
Ou cando o sol esplendoroso loce  
En raiolas de amor á Natureza.

Nunca soñei que para min chegara  
Este día de luz e de ledicia...  
Gracias irmáns, amigos xenerosos!  
Se no meu corazón pudera lérse  
Veríades que nel o amor resolve  
E concreta o ideal dun infinito.  
Non sei mais que dicir! Saúde e sorte;  
Que veña a nós a santa Libertade,  
Que en vida e morte noso amparo sea.

## ¡MIÑA TERRA!

Terra nativa da mariña  
onde pasei a infancia miña,  
que nunca borrar puiden do amante corazón;  
quero cantar en dóce trova  
buscando agora a rima nova  
en ledas armonías e fonda inspiración.

Hei de cantar á miña terra  
sempre vizosa, onde se encerra  
do paradiso bíblico a fronda virxinal,  
coas suas augas transparentes  
nas que as estrelas relucen  
fan de meigas mil xogos sobre o limpo cristal.

Os ameneiros abanean  
e nas suas polas se arrandean  
o merlo asubiante i o ledo verderol,  
mentras as frores encantadas  
vense nas augas retratadas  
sentindo nova vida á lus do craro sol.

Pequenas lanchas navegando  
van pola ría, branqueando  
o picudo velame que rompe o limpo azul,  
mentras agarda na ribeira  
do pescador a compañeira  
que ve bicar as ondas no ribazo de Pul.

Maino, mainiño en Gandarío  
xemen as ondas de cotío  
entoando as cantigas de misterioso son,  
como se Venus deslumbrara,  
espido o corpo, a linfa crara  
das augas, no curruncho da eólica mansión.

¡Qué terra linda esta de Sada  
onde natura entusiasmada  
verteu a fermosura con farturenta man!

veigas e soutos e cortiñas,  
as rabaleiras e as campiñas,  
de amor e libertades a todos falarán.

.....

Hei de atoparte mais fermosa,  
veiga ridente, terra nosa,  
que te levei gardada no mesmo corazón,  
cando nas veigas encantadas  
as tuas xentes libertadas  
entoen as cantigas de enxebre redención.

## SADA

¡Sada! ¡Sada! terra miña  
Onde o meu berce abalou,  
O teu nome levo escrito  
No fondo do corazón.

Podes ferir e aldraxarme,  
Podes meu nome negar,  
Que eu hei de seguir queréndote  
Hasta o último alentar.

Axuntada có teu nome  
Vai sempre a miña ilusión...  
¡Fuche-la musa sagrada  
Que os meus versos inspirou!

## FONTÁN

Un castelo derrubado  
sobre un alto penedal;  
casiñas brancas e limpas  
acarón da beiramar;  
un ribazo outo e frorido  
coma se fose un altar  
onde se adora a lindura  
de Nai-Terra mariñán.  
Unha vila feiticeira  
que mesmo nos fai lembrar  
das lindas vilas bretonas  
do armórico litoral...  
¡Vila que arrecende a néveda  
entre os recendos do mar!...  
Es ben bonita e cuquiña,  
miña vila de Fontán!  
Mariñeiros fontaneses,  
moi ben vos conoce o mar  
porque sodes vencedores  
das furias do vendaval;  
os que aló en terras de lonxe

foron á ganar o pan,  
deixan sona de barudos  
honrado sempre o seu lar.  
Dentro da vosa envoltura  
de garrido mariñán,  
péchase un alma fidalga  
inxerida en lealtá.  
Honrados, valentes, fortes,  
non tedes na terra igual.  
O mais alto honor que eu sinto  
é en chamarme voso irmán!  
¡Mariñeiros fontaneses,  
nobres fillos de Fontán!

Mulleriñas fontanesas  
as de brandiño falar,  
traballadoras e limpas  
e de gracioso acenar.  
¡Que ben fíxo Dios en darvos  
por patria ese doce chan,  
pois donde estades vosoutras  
o paradiso ali está!

A mesma reina dos Anxes  
a do meiguiño mirar,  
cando na parroquia entrades  
grande ledicia lle dá,  
porque sodes, fontanesas,  
mais boas que o mesmo pan.  
¡Qué lindas e qué graciosas,  
mulleriñas de Fontán!

## O CELTA

Inda vaga de noite entre os chouzales  
A soma do esforzado Lartovedo,  
Que aló no altivo castro das Mariñas  
Morreu loitando polos patrios eidos.  
Inda na Fragachán, entre os carballos,  
Cando nas noites enxordece o vento,  
Escóitase potente, airado, forte  
Himno de Liberta.

Cando era neno  
A voz do celta Lartovedo ouvina,  
E ela acendeu no fondo do meu peito  
O santo amor da patria, que deu forma  
Aos meus cativos e esmirrados versos.  
-“Non sodes donos de esquencer -decía-  
Esta patria que Eibrón deixou en herdo,  
E que Theut, no reparto deste mundo,

Este chan nos donou. Nada puxeron  
Os homes nesta patria. Altos desinios  
Son os que fan os pobos, e nos deron  
Casta, linguaxe, tradicións, espírito  
Pra figurar na loita do progreso.  
Os que esquencen a patria son traidores  
Á lei da natureza, á voz do ceo.  
É un sagrado deber para os meus fillos  
Defender ata a morte os nosos eidos.  
Por eles eu morrín, e o meu espírito  
O non deixálos recibeu por premio.  
Un pobo que á outro imita é pobo morto;  
Galicia pouco a pouco vai morrendo...  
¡Fillos de Eibrón! ¡A defende-la terra  
contra o semita igualitario e fero!”.





## **Bibliografía**

CAMPOS VILLAR, Xabier (2006): *Antoloxía*, Vigo: Editorial Galaxia.

CAMPOS VILLAR, Xabier (2006): *Lugrís Freire: unha biografía*. Vigo: Editorial Galaxia.

FERNÁNDEZ COSTAS, Xosé Manuel (2006): *Manuel Lugrís Freire: A fe na causa*. A Coruña: Baía Edicións

PILLADO MAYOR, Francisco (1991): *O teatro de Manuel Lugrís Freire*. Sada: Edicións do Castro.

RABUÑAL CORGO, Henrique (2006): "Manuel Lugrís Freire". *A Nosa Terra*.

RODRÍGUEZ ARES, Ramón (1999): *Historias de Sada*. Sada: Ramón Rodríguez Ares.

## **Revistas e xornais:**

*Albor. Revista escolar*. Publicación das escolas da sociedade "Hijos de Coirós en Buenos Aires".

*Correo de Galicia*. Buenos Aires, 17 de setembro de 1922; 10 de decembro de 1922.

*La Voz de Galicia*. 13 de xullo de 1928; 5, 11 e 13 de xullo de 1930; 3 de xullo de 2005; 21 de agosto de 2005.

## **Páxinas web:**

[www.realacademiagallega.org](http://www.realacademiagallega.org)

<http://centros.edu.aytolacoruna.es/iesurbanolugris>







**Edita:**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria  
Sada e contornos

**Colabora:**

REAL ACADEMIA



GALEGA



**Publica:**



Concello de Sada